



In memóriam



Mónica Omorodion

Xaquín Carrero Díaz

A os quince días de ter recibido a unción de enfermos nunha preciosa cerimonia comunitaria, ós nove meses e medio de recibir os sacramentos da iniciación cristiá e unha semana despois de ter participado da eucaristía dominical, con 46 anos, fóisenos á casa do Pai, Mónica.

A maioría dos que leades estas liñas non a coñecíades, algúns si de oídas, pero uns poucos tivemos a sorte de gozar do seu paso por estas terras. Unha cousa si vos podemos asegurar, se a coñecédeses ficariades collidos na súa mirada limpa, o seu sorriso máxico e do atraente da súa persoa. Asegúrovolo porque teño a experiencia de ver como toda persoa que tivo contacto con ela non puido resistir o atraente do seu ser.

Mónica no tivo unha vida doada. Sufriu a desgraza de caer en mans das mafias de trata de persoas no seu país de orixe, Nixeria, e esta situación levouna a unha penosa andaina por Europa e varias cidades españolas ata chegar a Santiago. Plena de xuventude a terrible enfermidade do cancro trocou a súa saúde en anos de sufrimento, tanto físico como moral.

No momento máis negro da súa existencia atopou a man amorosa de Deus que lle axudou a saír da profundidade do seu pozo, e a partir de aquel encontro a súa vida cambiou radicalmente. A súa experiencia da presenza de Deus, Pai/Nai, en todo o que vivía fíxolle chegar a dicir que, maila estar pasando os momentos críticos da súa enfermidade, para ela supoñía a etapa máis feliz da súa vida.

Tal era a confianza que tiña posta en Deus que cando o cirurxián que a ía operar lle falou do complicada que ía ser a intervención